BRAVXS

Hedy Lamarr

(1914-2000)

Hedy Lamarr, a «muller máis bela da historia do cine» é a inventora do sistema de comunicacións denominado «técnica de transmisión no espectro ensanchado», no que se basean todas as tecnoloxías sen fíos de que dispoñemos na actualidade, tales como a wifi, o GPS ou o Bluetooth. Actriz, enxeñeira de telecomunicacións e inventora, o seu encanto eclipsou as súas outras facetas como inventora, científica e investigadora, pese a que ela consideraba que: «... Calquera moza pode ter encanto. Todo o que tes que facer é quedar quieta e parecer estúpida». Hedy Lamarr naceu en Viena en 1914 como Hedwig Eva Maria Kiesler. Foi a única filla dunha pianista de Budapest e dun banqueiro de Lemberg. No colexio, destacou pola súa brillantez intelectual. Na súa casa, medrou tocando o piano á perfección. Complexa e inquieta, abandonou os estudos de enxeñaría, decidida a cumprir o soño de ser actriz. Fixo unha película con éxito, Éxtasis, e posteriormente os seus pais obrigárona a casar cun home extremadamente celoso. Fuxiu do seu marido, viaxou ata EUA e Hollywood contratouna: Hedy Lamarr, a actriz con máis encanto sobre as pantallas. En plena segunda guerra mundial, ofreceulle os seus servizos de enxeñaría ao exército aliado norteamericano e deseñou un sistema de transmisión de mensaxes ou ordes de mando fraccionándoos en pequenas partes, seguindo un patrón pseudoaleatorio. Este procedemento coñécese agora como «transmisión en espectro ensanchado por salto de frecuencia»(FHSS). O 10 de xuño de 1941 patentouno. En 1957, unha empresa estadounidense desenvolveuno e foi adoptado polo goberno para as transmisións militares. Na actualidade, moitos sistemas empregan este sistema, como a wifi ou o Bluetooth. En Austria, o Día do Inventor ou Inventora celébrase o 9 de novembro na súa honra.

Unidade de Igualdade
Universidade Vigo